



A ESPIRAL NO ESPELLO

Breताña, Esmeraldina e o sistema literario galego

Anxo Angueira


XERAIS UNIVERSITARIA (1327128)

704 páxinas

ISBN: 978-84-9782-719-5

P.V.P: 32,00 €

NOVIDADES XANEIRO 2010



« A EPIRAL NO ESPELLO » DE ANXO ANGUEIRA “BREताÑA, ESMERALDINA” DE X.L. MÉNDEZ FERRÍN E O SISTEMA LITERARIO GALEGO

ANXO ANGUEIRA NESTE ENSAIO REIVINDICA PARA “BREताÑA, ESMERALDINA” A CONDICIÓN DE OBRA CENTRAL DENTRO DO MACROTEXTO DA PRODUCCIÓN LITERARIA DE MÉNDEZ FERRÍN E ATRIBÚELLE TAMÉN UN PAPEL ESPECIALMENTE RELEVANTE NO CONTEXTO HISTÓRICO DA PRIMEIRA GALICIA AUTONÓMICA, TANTO NO CAMPO LITERARIO COMA NO POLÍTICO. UNHA OBRA CLAVE PARA ENTENDER A DEFENSA DA AUTONOMÍA DO CAMPO LITERARIO COMO CAMIÑO PARA A CONSOLIDACIÓN DA LITERATURA GALEGA COMO LITERATURA NACIONAL.

O presente estudo reivindica para *Breताña, Esmeraldina* a condición de obra central dentro do macrotexto da produción literaria de Méndez Ferrín e atribúelle tamén un papel especialmente relevante no contexto histórico da primeira Galicia autonómica, tanto no campo literario coma no político. O autor analiza con detalle a complexa estrutura da novela, cos seus niveis narrativos, rastrexando os modelos literarios que a conforman, para logo reflexionar sobre as diferentes poéticas que nela se manexan: a dun protagonista, Amaury, preso político bretón na cadea de Príncipe en Tagen Ata, que procura a identidade, a poética da lectura e da escritura (texto e entrelazo), a da ficción (espeillo) e a do regreso (espiral). Anxo Angueira remata facendo fincapé na importancia desta novela a respecto do nacemento do independentismo político, da vixencia da Nova Narrativa e dunha toma de posición en defensa da autonomía do campo literario como camiño para a consolidación da literatura galega como literatura nacional.

Anxo Angueira Viturro (Manselle, 1961) é doutor en Filoloxía Galega e profesor no ensino secundario e universitario. No ámbito da creación literaria ten as seguintes publicacións: *Val de Ramirás* (1989), *O valo de Manselle* (Xerais, 1996), *Bágoas de facer illas* (Xerais, 1997), *Libro da Vertixe* (1997), *Pensa nao* (Premio Xerais de Novela 1999), *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro* (2002), *A morte de A.* (Xerais, 2003) e *Fóra do sagrado* (Xerais, 2007). No ámbito da investigación publicou *De Rosalía a Dieste. 33 Anos das Letras* (Xerais, 1995), *La poésie galicienne de 1936 à 1990* (1999), e estudos sobre diferentes autores, coma Curros Enríquez ou o poeta berciano Fernández Morales. Un lugar central neste ámbito ocúpalo Rosalía de Castro, sobre a que publicou *Rosalía de Castro. Antoloxía* (Xerais, 2003) e *Rosalía 21* (coord., Xerais / Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, 2009), e Méndez Ferrín, do que realizou *Guía de Lectura de Con pólvora e magnolias* (Xerais, 1992), as edicións críticas de *Poesía enteira de Heriberto Bens* (Xerais, 1999) e *Breताña, Esmeraldina* (Xerais, 2007) e o presente volume, que analiza polo miúdo as claves desta complexa novela.